



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 45/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 105, en data do 7 de maio de 2024 co obxecto da contratación dun técnico medio de xestión, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, mediante o sistema de concurso-oposición, na modalidade de funcionario interino.

Segundo.- Vista a Acta do tribunal de selección de data 3 de xuño de 2024, onde se propón a formalización do contrato ao seguinte candidato

Identidade do aspirante	DNI
María Soledad González Neira	***3043**

Terceiro.- Visto o Decreto de alcaldía de data 03/06/2024 e número 2024-0192, no que se acorda publicar o resultado do procedemento, así como o chamamento para a praza descrita con anterioridade.

Cuarto.- Vista a documentación aportada polo aspirante seleccionado e comprobada a veracidade dos extremos afirmados por esta declaración responsable que acompaña a solicitude de participación no proceso de estabilización de emprego temporal da praza referida.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo de Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo,

Vista a proposta de resolución PR/2024/52 de 6 de xuño de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 7 de xuño de 2024.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Nomear como funcionario interino a GONZÁLEZ NEIRA MARIA SOLEDAD, con NIF nº ***3043** nos termos indicados nas bases de selección.

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150





SEGUNDO.- Publicar o nomeamento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de conformidade co disposto nas bases reguladoras. Unha vez publicado o nomeamento de persoal funcionario interino, a persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de cinco días hábiles. A adquisición da condición de persoal funcionario interino esixe, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, do conformidade co disposto no artigo 61 da LEPG.

TERCEIRO.- Comprometer a cantidade de 15.065,74 euros con cargo á aplicación orzamentaria 920.12001; 6.452,18 euros con cargo á aplicación orzamentaria 920.12100; 4.159,90 euros con cargo á aplicación orzamentaria 920.12101 e 9.838,56 euros con cargo á aplicación orzamentaria 920.16000, aplicacións orzamentarias do proxecto contable 202410 e dar traslado á Intervención municipal a efectos de realizar os asentos contables correspondentes.

CUARTO.- Publicar o nomeamento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de As Nogais, de conformidade co disposto no artigo 12 das bases reguladoras, con expresa indicación do réxime de recursos, a saber:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei de Xurisdición Contencioso-Administrativa. Unha vez publicado o nomeamento, a persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de cinco días hábiles á recepción da notificación oficial do nomeamento.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma da conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150

